



**Proxecto Sistema de Axuda a
Explotación da Mobilidade de Galicia**

RESUMO EXECUTIVO

- 00** **Introducción**
- 01** **Conceptos**
- 02** **Obxectivos do SAE**
- 03** **Opcións para as empresas de transporte**
- 04** **Cronograma para as empresas que
escollan un SAE Local propio**
- 05** **Cronograma para as empresas que se
adhiran ao Proxecto SAE da Mobilidade
de Galicia**
- 06** **Cronograma do Proxecto SAE da
Mobilidade de Galicia**
- 07** **Beneficios**



_Introducción

- ▶ O sector do transporte público regular de persoas por estrada en Galicia, xerou no ano 2012 unha facturación de **44 millóns de €**, dando servizo a **25 millóns de usuarios** a través de máis de **1000 autobuses**.
- ▶ A Lei 5/2009, do 26 de novembro, de **medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia**, establece no seu artigo primeiro que a Dirección Xeral da Xunta de Galicia, con competencias en materia de transportes, debe elaborar e aprobar, en desenvolvemento das bases previstas na citada lei, un plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de viaxeiros de uso xeral por estrada de Galicia.
- ▶ A Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o **Plan de modernización das concesións de transporte público** regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia establece que, a Dirección Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de transportes debe elaborar e aprobar as especificacións funcionais do **Sistema de Axuda á Explotación (en diante SAE) a implantar en toda a flota** adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada, que permita, entre outras funcións inherentes a estes sistemas, a localización e identificación en tempo real dos autobuses.



O Plan de Modernización das concesións de transporte público establece a obriga de implantar SAE en toda a flota de transporte regular de persoas

O sector do transporte regular de persoas por estrada moveu no ano 2012 a 25 millóns de usuarios cunha facturación de 44 M €.



_Conceptos

- ▶ **Sistema de Axuda á Explotación (en diante SAE) :** é unha ferramenta de operación e xestión dos servizos que consta de varios elementos:
 - ❑ Equipamento embarcado abordo dos vehículos
 - ❑ Centro de Control e Xestión da Explotación
 - ❑ Comunicacións
- ▶ **SAE da Mobilidade de Galicia:** Sistema de Axuda a Explotación Galicia liderado pola Xunta de Galicia, que permitirá ás empresas contratistas dos servizos públicos de transporte dispoñer do servizo de SAE sen necesidade de dotarse dun SAE local propio.
- ▶ **SAE Local:** Sistema de Axuda a Explotación no que o Centro de Control e Xestión é propio da empresa de transporte.
- ▶ **Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (en diante COMGA):** Centro de operacións onde se atopa aloxado e operado o SAE da Mobilidade de Galicia.

Que é un SAE?

Que é o COMGA?

Que é o SAE da Mobilidade de Galicia?



_Obxectivos da implantación do SAE

- ▶ Contribuír de maneira significativa á consecución **dun sistema de transporte público de viaxeiros por estrada máis limpo, seguro e eficiente** a través da mellora na xestión e control da flota adscrita ao servizo de transporte público regular de viaxeiros de Galicia, e a **verificación do cumprimento** das obrigas dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular.
- ▶ **Potenciar a demanda de transporte público** de viaxeiros, mellorando a calidade do servizo prestado mediante un mellor coñecemento da demanda e proporcionando **información de calidade ao servizo da cidadanía** ben sexa sobre a oferta de servizos a través de distintas ferramentas e canles, ou promovendo a apertura de datos
- ▶ Fomentar o desenvolvemento da **modernización tecnolóxica do sector de transporte público** de viaxeiros e o seu adecuado posicionamento no ámbito comparado ante a nova situación que xerarán as modificacións normativas na materia, dotando aos contratistas dos servizos públicos de transporte de **ferramentas de operación e xestión dos servizos** que lles servirán de axuda e soporte para optimizar e mellorar a calidade dos servizos ofrecidos á cidadanía.

Mellorar o sistema de transporte regular de viaxeiros

Potenciar o uso do transporte público a través da información aos cidadáns


Dotar ao sector de transporte de ferramentas de modernización da súa xestión



_Opcións para as empresas de transporte

- ▶ **Dotarse dun centro de control local e xestión da explotación**, que deberá comprender todos os sistemas, hardware e software (tanto no centro de control local, como a bordo dos vehículos), comunicacións e servizos de mantemento que garantan o seu funcionamento permanente, o almacenamento e control dos datos de explotación, a transmisión e recepción dos datos entre o dito centro de control local e o Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (en diante COMGA), o tratamento dos datos derivados da explotación e a verificación destes por parte da administración.

As empresas de transporte poden dotarse do seu propio SAE local ou empregar o SAE da Mobilidade de Galicia do Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA)






_Opcións para as empresas de transporte

- ▶ **Empregar de forma permanente o SAE da Mobilidade do COMGA** de acordo cos protocolos e criterios que a administración estableza, asumindo o custo da adquisición, instalación e mantemento do equipamento a bordo dos vehículos, que cumpra os requirimentos establecidos pola administración, e o custo de mantemento, conexión e transmisión de información entre o equipamento a bordo e o COMGA.

A opción liderada pola Xunta permite as empresas empregar o SAE da Mobilidade do Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA)





Cronograma para as empresas que escollan un SAE local propio

Dotarse dun centro de control local e xestión da explotación


- ▶ A partires da publicación da resolución, aquelas empresas que non se adhiran ao SAE da Mobilidade de Galicia nos 15 días seguintes, enténdese que se dotaran dun **SAE local propio**.
- ▶ No momento no que este definido o SAE da Mobilidade de Galicia, a administración comunicará ás empresas de transporte as **especificacións técnicas e funcionais** do sistema que deberán cumprir os seus SAE propios
- ▶ Posteriormente, a Administración comunicarlles o inicio de **funcionamento do COMGA**, momento a partir do que disporán do prazo máximo de 2 meses para a implantación efectiva do seu SAE propio incluíndo o establecemento da súa conexión plenamente operativa co COMGA de xeito permanente.
- ▶ O prazo total que mediará dende a comunicación das especificacións técnicas e funcionais do sistema ata a obriga de conexión operativa efectiva co COMGA indicada no inciso anterior, non será inferior a 6 meses.
- ▶ O **SAE local remitirá ao COMGA**, a tempo real, a seguinte información:
 - Localización automática dos vehículos
 - Desfase do servizo sobre o planificado
 - Billetes e facturación



Cronograma para as empresas que se adhiran ao Proxecto SAE da Mobilidade de Galicia

Empregar de forma permanente o SAE da Mobilidade de Galicia

- ▶ No prazo de 15 días naturais, as empresas de transporte de persoas por estrada de Galicia que opten por adherirse ao SAE da Mobilidade de Galicia, deberán presentar o anexo III debidamente asinado no Rexistro do Servizo de Mobilidade.
- ▶ Pasado dito prazo, mediante a cooperación entre a administración e as empresas de transportes adheridas ao SAE da Mobilidade de Galicia, e a través un dos procedementos de contratación previstos no TRLCSP, tramitarase un expediente para a contratación da prestación do servizo de SAE da Mobilidade de Galicia.






Cronograma para as empresas que se adhiran ao Proxecto SAE da Mobilidade de Galicia

Empregar de forma permanente o SAE da Mobilidade de Galicia

- ▶ No prazo dun mes dende a adxudicación do contrato, as empresas de transporte deberán asinar un contrato privado co prestador do servizo do SAE da Mobilidade de Galicia nas condicións e coas estipulación que se establezan como resultado do procedemento de contratación.
- ▶ Unha vez posto en funcionamento, a Administración comunicarlles as empresas do transporte o **inicio de funcionamento** do COMGA, estimado para o **segundo trimestre de 2015**.
- ▶ Dende o inicio do funcionamento operativo do sistema e durante o período de vixencia do contrato de servizos, a empresa de transportes aboará mensualmente, directamente ao prestador do servizo do SAE da Mobilidade de Galicia, o importe establecido no procedemento de contratación.



Cronograma do Proxecto SAE da Mobilidade de Galicia





_Beneficios do SAE da Mobilidade

- ▶ Dado que o proxecto global, supón un investimento estimado por todas as partes duns **5 M €** (IVE non inc.), a adhesión das empresas ao proxecto da Xunta permitiralles obter a solución máis **vantaxosa economicamente**, grazas ao aproveitamento da agregación da demanda.
- ▶ Permitira tamén obter aquela solución que mellor se adapte técnica e funcionalmente ás **necesidades** das empresas adheridas.
- ▶ Dotará as empresas de ferramentas de axuda e soporte para optimizar e mellorar a calidade dos servizos ofrecidos á cidadanía, e **mellorar a súa eficiencia**
- ▶ Permite as empresas de transporte **diferir o investimento inicial** (3000 € + IVE en cada un dos 1000 autobuses) necesario en pagos durante o período de servizo.
- ▶ Permite dispoñer dun único provedor tecnolóxico (hardware, software e comunicacións) **abstraendo** as empresas do transporte da **complexidade tecnolóxica** e centrándoas en maximizar os seus beneficios.

Máis vantaxosa economicamente

Máis vantaxosa en atención as necesidades das empresas

Permite mellorar a eficiencia das empresas

Permite diferir o investimento inicial

Evita complexidades tecnolóxicas